

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A TRAMITACIÓN DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA DURANTE A CAMPAÑA DE 2026 (40/26-I)

Competencias

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, que é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, correspóndelle propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo coas competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos artigos 27.10 e 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Entre as funcións atribuídas está a coordinación dos medios necesarios para acadar os obxectivos que a consellería se fixe.

Obxectivo

O obxectivo deste convenio é reforzar o operativo de prevención de incendios forestais en Galicia durante a época de perigo alto de incendios do ano 2026, de acordo co previsto no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Ao abeiro deste convenio realizarase a despregadura, con misións de vixilancia e disuasión, de 35 patrullas militares terrestres e dous equipos de mantemento móbil, un do Exército de Terra e outro da Armada, mantendo a entidade operativa prevista no convenio correspondente á campaña de 2025.

Así mesmo, o convenio incorpora a posibilidade de que as patrullas terrestres poidan realizar vixilancia aérea complementaria mediante unidades de drons/UAS, en caso de dispoñibilidade e previa coordinación coa Xunta de Galicia, integradas no servizo ordinario e sen custo adicional específico. Esta previsión, aínda que non foi incluída no convenio correspondente á campaña de 2025, xa figuraba nos convenios de campañas anteriores como posibilidade, polo que a súa incorporación ao convenio da campaña de 2026 supón a recuperación dunha opción xa contemplada en anualidades pasadas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Antecedentes

Dende o ano 1999 o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia colaboran na prevención de incendios forestais mediante o emprego de unidades militares.

Desde o ano 2019 ata o ano 2024 este programa desenvolveuse cun período de despregadura comprendido entre o 15 de agosto e o 30 de setembro, con 30 patrullas militares terrestres e dous equipos de mantemento móbil repartidos polo territorio galego e coordinados pola Xunta de Galicia.

Na campaña de 2025 incrementouse a entidade da despregadura ata acadar 35 patrullas militares terrestres, mantendo os dous equipos de mantemento móbil, co fin de reforzar a cobertura territorial en zonas de especial risco. Para a campaña de 2026 considérase necesario manter esta entidade operativa, á vista da utilidade preventiva e disuasoria da presenza das Forzas Armadas no territorio durante a época de perigo alto de incendios forestais.

Aspectos operativos do convenio

En relación cos aspectos operativos, o Ministerio de Defensa comprométese, durante a época de perigo alto de incendios forestais en Galicia, a levar a cabo a despregadura operativa de 35 patrullas terrestres e 2 equipos de mantemento móbil, compostos por militares sobre vehículos.

O período de activación vai dende o 10 de agosto ao 25 de setembro, ambos incluídos. Con anterioridade ao inicio deste período levarase a cabo a fase de recoñecemento. As zonas de vixilancia e actuación preferente das patrullas terrestres serán inicialmente as que se detallan no anexo I do convenio, aínda que poderán ser modificadas pola Comisión de Seguimento para adaptar o esforzo das patrullas á valoración do risco.

Ademais, cando exista dispoñibilidade e previa coordinación coa Xunta de Galicia, as patrullas terrestres poderán realizar vixilancia aérea complementaria mediante unidades de drons/UAS, integradas no servizo ordinario e sen custo adicional.





Xustificación da exclusión do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público

Segundo o disposto no apartado 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, deberase xustificar o emprego da figura do convenio de colaboración nunha memoria que deberá facerse pública.

A Consellería do Medio Rural está interesada en colaborar co Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais. A grande capacidade de despregadura de medios, tanto persoais coma materiais, que posúen os corpos de seguridade do Estado pertencentes ao Ministerio de Defensa, fan deste organismo o único competente e con garantías para desenvolver as accións que constitúen o obxecto do convenio de colaboración a asinar.

Co dito convenio preténdese vixiar e identificar os potenciais axentes causantes de incendios forestais, ao mesmo tempo que a propia presenza dos medios militares no entorno forestal os disuade de provocalos. Para isto é necesario acadar na nosa contorna forestal unha alta concentración de persoal cualificado e equipado axeitadamente, que dispoña do coñecemento e das ferramentas necesarias para desenvolver tarefas de vixilancia.

Estas circunstancias fan que o convenio de colaboración sexa a figura máis axeitada para a realización desta actividade, e que o Ministerio de Defensa sexa a única entidade adecuada para o desenvolvemento das accións das que é obxecto.

Dada a especificidade das accións, o obxecto do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co establecido no artigo 4 desa norma.

Para a tramitación deste convenio tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Francisco Gutiérrez

